



GAMELA DA GUARDA

GAMELA DA GUARDA

LOCALIZACIÓN: A Guarda, situada ó suroeste de Galicia, fronteiriza con Portugal.

CARACTERÍSTICAS: Embarcación de proa cadrada cun enselado de plan de 24 cm., ten como principal característica a sencillez da súa construcción e o aspecto que ofrece é de simple barreño por carecer de corredores e cuberta.

Co transcorrer dos tempos fóronse facendo de maior tamaño chegando a sobrepasa-los 5,50 m. de eslora nas gamelas xeiteiras.

CONSTRUCCIÓN: Para a súa construcción, utilizábase só madeira de piñeiro do país de 4 cm. de espesor e con anterioridade, antes da existencia desta especie, utilizaban calquera tipo de madeira que fose de fácil manipulación.

Os costados están formados por dúas táboas que van a tope e os fondos por dúas ou tres táboas no sentido de proa-popa. O temón é de enormes dimensíons chegando a 250 cm. de alto por 80 cm. de largo e 4 cm. de grosso.

Na actualidade constrúense con taboleiro fenólico gañando en lixeireza pero perdendo cualidades para a vela.

ACTIVIDADES: As gamelas pequenas no inverno resgárdanse na desembocadura do Miño e dedicánsen ó alcacherife arte de rede do río Miño así como á pesca do sabalo e salmón.

As de maior tamaño eran as xeiteiras que se dedicaban á pesca da sardiña. As demás ainda se dedican á pesca con nasas, liña ou palangre, e son chamadas ralieiras ou badexeiras.

Pódese dicir que é o barco de ascendencia más antiga de toda a costa galega áinda en uso.



A Guarda

MEDUSA

Eslora máx.: 5,03 m.

Manga máx.: 2 m.

Puntal: 70,4 m.

Data reproducción: Febreiro 92

Construcción: Escola-Taller de carpintería
de Ribeira



VELA MISTICA (A de pardela)

– Puxamen: 496 cm.


– Valuma: 700,5 cm.

– Grátil: 251 cm.

– S.P.V. 21m²



ÁREA DE SITUACIÓN



ESCOLA TALLER DE
CARPINTERIA DE RIBEIRA
MARIN - GALICIA

P O R T U G A L